



XUNTA  
DE GALICIA

COLEXIO DE EDUCACIÓN PRIMARIA  
CAMPOLONGO

Rúa Xeneral Rubín nº 3 36001 PONTEVEDRA  
<http://centros.edu.xunta.es/ceipcampolongo/>  
E-mail: [ceip.campolongo@edu.xunta.es](mailto:ceip.campolongo@edu.xunta.es)  
Teléfono: 886 15 15 13 Fax: 886 15 15 18



Organización das  
Nacións Unidas para  
a Educación,  
a Ciencia e a Cultura



Membro de  
Escolas  
Asociadas da  
UNESCO

# PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC



 <b>XUNTA DE GALICIA</b>	<b>COLEXIO DE EDUCACIÓN PRIMARIA CAMPOLONGO</b>	 <small>Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura</small>	<small>Membro de</small>  <small>Escuelas Asociadas da UNESCO</small>
	Rúa Xeneral Rubín nº 3 36001 PONTEVEDRA <a href="http://centros.edu.xunta.es/ceipcampolongo/">http://centros.edu.xunta.es/ceipcampolongo/</a> E-mail: <a href="mailto:ceip.campolongo@edu.xunta.es">ceip.campolongo@edu.xunta.es</a> Teléfono: 886 15 15 13 Fax: 886 15 15 18		

## 29.- PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC.

### A competencia básica nas tecnoloxía da información e a comunicación.

Moito máis importante que aprender tecnoloxía é aprender con tecnoloxía, aprender a saber empregar a información e aprender a traballar no seu medio. Neste contexto é onde está o reto de Ensinar a aprender.

#### 1.- Introducción

Este documento establece un primeiro nivel de concreción da competencia básica na tecnoloxía da Información e comunicación (TIC) que os alumnos terán que conseguir cando remate o seu proceso de aprendizaxe no ensino obrigatorio.

Tendo en conta que a nosa escola pertence a un ámbito urbano, no que os alumnos teoricamente dispoñen das tecnoloxías na súa casa, e necesario que consigan competencias no seu uso ben como apoio no proceso educativo como posteriormente para o seu desenvolvemento noutros niveis da ensinanza así como no mercado

laboral, e finalmente para un uso seguro da internet.

Por todo isto pensamos que é un aspecto moi importante a desenvolver.

#### 2.- As TIC e a Sociedade da Información

A progresiva incorporación dos ordenadores ás diferentes actividades produtivas, de creación e de tempo libre, así como a expansión das redes de comunicación en todos os ámbitos da vida cidadá, constitúen dous fenómenos que visualizan os cambios que está experimentando a nosa sociedade.

Este conxunto de informática, redes de comunicación e tecnoloxías da información e comunicación (TIC) é para nós, hoxe en día, o que foi no seu momento a máquina de vapor e a imprenta. As TIC facilitan e estimulan o aprendizaxe, a comunicación entre persoas o acceso a cantidades inxentes de información en formato dixital.

O noso proxecto é un plan estratéxico para adaptar o currículo de todas as aprendizaxes e revisalos en función dos novos perfís de coñecemento que demanda a Sociedade da Información.

### **3.- As TIC de Eixo Transversal a Competencia Básica**

Nun principio no Currículo de Primaria o tratamento das TIC artículáanse como un eixo transversal, ao igual que a educación pola Paz, a Seguridade Viaria, a educación Audiovisual ou a Educación Medioambiental.

Dende hai anos vimos observando que a falta de competencias informáticas nos alumnos xeran problemas cando chegan a outros niveis da ensinanza (ESO, Bacharelato, universidade, FP,...) polo tanto é indispensable a catalogación das TIC como unha competencia básica máis que os alumnos deben chegar a dominar.

A competencia básica en TIC garante que todo o alumnado, ao rematar a etapa da escolarización obrigatoria no noso centro, conseguirá un dominio básico das habilidades e recursos tecnolóxicos ao tempo que as estratexias e procedementos vinculados ás TIC. Rematada a escola os nosos alumnos serán usuarios informados das posibilidades das TIC, e estará capacitados para aplicar selectivamente os instrumentos máis axeitados no seu ámbito persoal e social, e sobre todo como soporte básico dunha aprendizaxe continua ao longo da súa vida.

### **4.- As dimensións da competencia básica TIC**

A partires dos obxectivos xerais sobre os que articulamos as TIC:

- Conseguir as capacidades para desenvolverse individual e socialmente na Sociedade da Información.
- Explotar o potencial das TIC en todas as áreas e ámbitos do ensino e aprendizaxe.
- Empregar as TIC para dar soporte a obxectivos educativos xerais, para desenvolver actitudes positivas na aprendizaxe, mellorar a presentación de traballos, actitudes de busca e resolución de problemas, de aprendizaxe colaborador e traballo en grupo.
- Aproveitar os novos entornos de comunicación para participar en comunidades de aprendizaxe formal e informal.

Identificamos cinco compoñentes ou dimensións da competencia Básica en TIC que engloban os aspectos máis relevantes para a educación:

- Impacto histórico-social.
- Alfabetización tecnolóxica.
- Instrumentos de traballo intelectual.
- Ferramenta comunicativa.
- Control e modelización.

A partires destes compoñentes describimos as competencias básicas que teñen que conseguir os nosos alumnos ao rematar o ensino obrigatorio.

#### 4.1.- Impacto histórico-social

Este aspecto fundamentase en dous:

Obxectivos Xerais

- Comprender o impacto ético, cultural e social relacionado coas TIC.
- Desenvolver prácticas responsables no emprego dos sistemas tecnolóxicos e no tratamento e difusión da información.

O enfoque histórico permitirá entender os cambios actuais e futuros e o seu impacto ao longo da historia e ademais que sintan o compromiso de seguir formándose continuamente seguindo o ritmo da evolución tecnolóxica.

Competencias

Conceptos	Actitudes
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Enumerar os avances tecnolóxicos que xurdiron ao longo da historia, describindo o impacto e a influencia que tiveron e teñen sobre a vida cotiá, económica, cultural e o medio ambiente.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actuar responsable e criticamente respecto ás TIC e ao seu emprego tanto persoal como profesional, valorando positivamente o papel que xogaron no desenvolvemento da sociedade, economía e cultura.</li> </ul>

## 4.2.- Alfabetización Tecnológica

A sociedade actual non se pode comprender sen un mínimo de cultura informática. É necesario entender como se xera, almacena, transforma e transmite a información.

Ao rematar o ensino obrigatorio o alumnos será capaz de ser autónomo con recursos informáticos, e este dominio e autonomía adquirese comprendendo tanto nos aspectos físicos e estruturais (partes do computador, da rede e o seu mantemento básico), como os elementos lóxicos (programas), coñecendo as súas posibilidades e como facelos servir segundo os obxectivos ou tarefas.

Obxectivos Xerais

- Comprender a natureza das TIC como obxecto e produto tecnolóxico.
- Dominar as estruturas e conceptos básicos necesarios para empregar eficazmente as TIC.
- Dominar as destrezas básicas necesarias para o emprego das TIC.

## Competencias

Conceptos	Procedementos	Actitudes
<ul style="list-style-type: none"><li>• Coñecer os compoñentes físicos e estruturais que soportan as TIC.</li><li>• Coñecer os elementos e procesos lóxicos en que se basean as TIC.</li><li>• Adquirir a terminoloxía axeitada ás TIC.</li><li>• Coñecer os elementos fundamentais de ergonomía e seguridade a carón das TIC.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Adquirir o dominio do uso en función dos compoñentes da maquinaria e estruturas da rede.</li><li>• Dominar o emprego de elementos xenéricos de diferentes programas.</li><li>• Empregar un vocabulario axeitado relacionado coas TIC.</li><li>• Empregar as TIC de maneira ergonómica e segura.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Mostrar interese por actualizar os coñecementos a carón das TIC.</li><li>• Conseguir autonomía diante de problemas técnicos cotiáns.</li></ul>

 <b>XUNTA DE GALICIA</b>	<b>COLEXIO DE EDUCACIÓN PRIMARIA CAMPOLONGO</b>  Rúa Xeneral Rubín nº 3 36001 PONTEVEDRA <a href="http://centros.edu.xunta.es/ceipcampolongo/">http://centros.edu.xunta.es/ceipcampolongo/</a> E-mail: <a href="mailto:ceip.campolongo@edu.xunta.es">ceip.campolongo@edu.xunta.es</a> Teléfono: 886 15 15 13 Fax: 886 15 15 18	 Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura   Membro de Escuelas Asociadas da UNESCO
--	---	---

### 4.3.- Instrumentos de traballo intelectual

Esta dimensión TIC como instrumento polo traballo intelectual é o máis amplo, vai dende a planificación de tarefas ata a presentación e discusión, pasando polo proceso de recollida, análise e tratamento da información. As etapas do proceso son universais e implican ao alumnado durante o seu proceso de aprendizaxe.

Cos diferentes niveis de abstracción e complexidade, todos temos que planificar e controlar o noso traballo.

Todas as persoas recibimos, almacenamos e buscamos información en diferentes formas e soportes, adquirimos pois información, escoitando, lendo e observando. Finalmente todas as nosas actividades producen e comunican información escrita e oral.

Obxectivos Xerais

- Enriquecer o proceso de traballo intelectual e a creatividade coa axuda das TIC.
- Empregar as TIC para buscar, localizar, avaliar e recuperar información a partir de unha ampla diversidade de fontes.
- Utilizar as TIC para realizar o tratamento de datos e presentar os resultados en diferentes formatos.
- Aprender a traballar en equipo en contornas de traballo colaborador.

## Competencias

Conceptos	Procedementos	Actitudes
<b>Recollida de Información</b>		
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Coñecer diferentes fontes para buscar información determinada en diferentes soportes: dixital, papel...</li> <li>• Identificar os mecanismos de busca en buscadores da rede.</li> <li>• Interpretar a estrutura hipertextual da documentación electrónica.</li> <li>• Obter e enumerar conclusións a partires da busca, selección e análise da documentación electrónica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Empregar técnicas e estratexias de busca de información. Dende proceso mecánico para realizala segundo o soporte que a contenda a utilización de filtros e mecanismos de refinamento.</li> <li>• Acceder, buscar e recuperar información empregando diferentes fontes de accesibilidade e de formato (soporte papel, soporte dixital: disquete, CD-ROM, DVD, vídeo, web, blogs, espazos de colaboración virtual, foros, etc.)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Contrastar a validez e actualidade da información localizada.</li> <li>• Valorar as vantaxes e inconvenientes dos diferentes soportes de información segundo os recursos de que se dispoñen e o obxectivo que se quere conseguir na busca</li> </ul>
<b>Tratamento da Información</b>		
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Identificar técnicas e estratexias na selección e tratamento da información co soporte das TIC.</li> <li>• Coñecer metodoloxías e ferramentas para planificar e controlar o traballo e o estudio.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Organizar, analizar e sintetizar a información recollida, en táboas, gráficas, esquemas, etc.</li> <li>• Diseñar, confeccionar e producir documentos empregando programas TIC de tipo multimedia, con soporte hipertextual, por exemplo páxinas web, presentacións PowerPoint, etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Avaliar de maneira crítica e responsable a información recollida.</li> <li>• Respetar as fontes da autoría da información recollida.</li> </ul>



 <b>XUNTA DE GALICIA</b>	<b>COLEXIO DE EDUCACIÓN PRIMARIA CAMPOLONGO</b>	 <small>Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura</small>  <small>Escuelas Asociadas da UNESCO</small>
	Rúa Xeneral Rubín nº 3 36001 PONTEVEDRA <a href="http://centros.edu.xunta.es/ceipcampolongo/">http://centros.edu.xunta.es/ceipcampolongo/</a> E-mail: <a href="mailto:ceip.campolongo@edu.xunta.es">ceip.campolongo@edu.xunta.es</a> Teléfono: 886 15 15 13 Fax: 886 15 15 18	

<ul style="list-style-type: none"> <li>Integrar os resultados de unha aplicación en outra diferente.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Presentar e difundir con axuda das TIC os traballos e as conclusións as que se chegaron.</li> <li>Empregar as TIC para validar hipóteses, sacar conclusións e construír xeneralización e coñecementos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Avaliar a elección decidida e o progreso conseguido na resolución de un problema, e axustar consecuentemente o plan de acción.</li> </ul>
---	--	--

#### 4.4.- Ferramenta Comunicativa

As TIC ampliaron en moi pouco tempo os canais, ferramentas e dispositivos de comunicación dispoñible. O correo electrónico, os chats, vídeo-conferencias, os teléfonos móbiles, ... estanse a estender dun xeito acelerado, xa que implican unha comunicación inmediata e interactiva.

Empregar un uso racional, eficaz e responsable estes recursos de comunicación interpersonal tanto na súa modalidade síncrona (chat, videoconferencia) como asíncrona (correo electrónico, foros) é unha nova esixencia social, como no seu día foi enviar un correo postal no albor do século XX.

Obxectivos Xerais

- Empregar os diferentes canais e modalidades de comunicación que proporcionen as TIC para transmitir e recibir a información de forma efectiva.
- Utilizar as TIC para interactuar e colaborar con audiencias diversas.
- Valorar as implicacións das ferramentas de comunicación no entorno social e cultural.

## Competencias

Conceptos	Procedementos	Actitudes
<ul style="list-style-type: none"><li>• Clasifica as ferramentas de comunicación segundo o seu obxectivo, o tipo de información que tratamos e a súa modalidade "síncrona" ou "asíncrona".</li><li>• Explicar os códigos e o funcionamento das ferramentas de comunicación interpersonal (e-mail, foro, chats, videoconferencia)</li><li>• Coñecer as normas de uso comunmente aceptadas das ferramentas e canles de comunicación. ("netiqueta": Código ético dos internautas)</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Empregar a ferramenta e o canle axeitado en función da intención educativa. Por exemplo: redactar axeitadamente mensaxes de correo electrónico, empregando as posibilidades de engadir arquivos ou documentos e a súa transmisión múltiple.</li><li>• Usar características específicas das canles e das ferramentas de comunicación. Por exemplo: os emoticóns.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Empregar as ferramentas de comunicación de forma responsable.</li><li>• Responsabilizarse do uso da información obtida a través dos diferentes canles de comunicación.</li><li>• Aceptar a normativa do uso das ferramentas de comunicación na rede interna e/ou externa do centro, guiándose pola "netiqueta".</li><li>• Valorar as ferramentas de colaboración en grupo para conseguir proxectos conxuntos en grupo.</li></ul>

### 4.5.- Control e Modelización

As simulacións didácticas por medio de programas de ordenador permiten que o alumno descubra as leis dos procesos físicos, químicos, biolóxicos, económicos, recreen épocas pasadas ou o funcionamento dunha máquina ou sistema. Estes programas son un recurso para potenciar o desenvolvemento de habilidades cognitivas facilitándolles a toma de decisións. Debido a presenza dunha gran cantidade de simuladores lúdicos e moi importante transmitir aos alumnos a necesidade de diferenciar entre o mundo real e o virtual.

#### Obxectivos Xerais

- Empregar as TIC dun xeito axeitado e efectivo a fin de crear e explorar modelos, resolver problemas e tomar decisións.
- Medir e controlar elementos do noso entorno a través das TIC.
- Asimilar a importancia no emprego racional e axeitado das TIC.



## Competencias

Conceptos	Procedementos	Actitudes
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Coñecer que os sistemas informáticos poden recoller información do medio mediante sensores.</li> <li>• Saber que poden rexistrarse dixitalmente as medidas de magnitudes analóxicas e que iso implica facer unha aproximación do valor real.</li> <li>• Coñecer que é un robot e comprender os fundamentos do seu funcionamento.</li> <li>• Recoñecer as diferentes tipoloxías de robots e a súa función.</li> <li>• Relacionar as simulacións con escenarios e/ou situacións reais.</li> <li>• Identificar situacións que se poidan estudar con un modelo informático.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Usar o ordenador con sensores apropiados para recoller e detectar cambios no entorno físico ou medir magnitudes (físicas ou fisiolóxicas) durante un certo período de tempo.</li> <li>• Experimentar a dixitalización de sinais analóxicas de diferentes fontes (sons, imaxes e outras)</li> <li>• Diseñar, construír e documentar un sistema sinxelo controlado con sensores e dotado de retroalimentación.</li> <li>• Controlar un dispositivo mediante unha secuencia de instrucións (programa).</li> <li>• Empregar diferentes tipoloxías de simulacións que precisan unha toma de decisións.</li> <li>• Representar un modelo simulado con un diagrama.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Valorar apropiadamente os elementos TIC necesarios para traballos de recollida e/ou medida de información.</li> <li>• Valorar as apartacións dos robots ás diferentes actividades: busca, produción, sanidade, fogar, tempo de lecer, etc.</li> </ul>

Dimensión	Educación Infantil	Educación primaria		
		Primeiro Ciclo	Segundo Ciclo	Terceiro Ciclo
Impacto Histórico-social	Progresivamente os alumnos deben desenvolver as capacidades de: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprender o impacto ético, cultural e social relacionado coas TIC.</li> <li>• Valorar os beneficios persoais e sociais das TIC.</li> <li>• Ser conscientes das implicacións dos usos das TIC en diferentes situacións (na aula e na casa)</li> <li>• Apreciar a necesidade de usos responsables das TIC e a necesidade de protexer a información de posibles malos usos, tanto a nivel individual e colectivo.</li> </ul>			
Alfabetización Tecnolóxica	1.- Usar o rato para sinalar e facer clic. 2.- Iniciar e apagar o computador. 3.- Usar o teclado. 4.- Imprimir facendo clic na icona de imprimir. 5.- Ser quen de navegar e usar a intranet do noso centro. 6.- Ser quen de escoller actividades na intranet.	1.- Empregar os compoñentes básicos do entorno gráfico do computador. 2.- Abrir e pechar unha aplicación, crear un novo documento. 3.- Gardar e recuperar un documento, coa axuda do mestre.	1.- Empregar menú e controis avanzados (como os menús contextuais) 2.- Empregar o computador de forma segura e responsable. 3.- Identificar as diferenzas entre discos duros, unidades de rede (C,D,S,T,) (unidades fixas) e memorias externas. 4.- Gardar e recuperar un documento, con axuda (1º) e sen axuda (2º) do mestre.	1.- Crear a súa conta de usuario. Personalizar aspectos do sistema do computador asignado. 2.- Identificar diferentes tipos de computadores. 3.- Comprender a necesidade de facer copias de seguridade e ser capaces de facelas. 4.- Gardar e recuperar un documento, sen axuda do mestre. 5.- Identificar as vantaxes de traballar en rede local e de empregar os ficheiros compartidos.

Dimensión	Educación Infantil	Educación primaria		
		Primeiro Ciclo	Segundo Ciclo	Terceiro Ciclo
Instrumentos de traballo intelectual	1.- Iniciar aos alumnos/as na obtención de información axeitada a súa idade a través de medios informáticos. 2.- Coleccionar, clasificar, ordenar e seriar diferentes tipos de obxectos. (Ex.: Series Clic). 3.- Confeccionar unha imaxe empregando un programa de debuxo sinxelo. 4.- Explicar o proceso de traballo co computador e indicar e verbalizar as ferramentas empregadas.	1.- Acceder a información que se atopa en soporte CD-ROM. 2.- Acceder ás páxinas web previamente seleccionadas (opción Preferidos) 3.- Coleccionar, clasificar, ordenar e seriar diferentes tipos de obxectos. 4.- Crear, acceder, e editar un texto sinxelo co procesador de textos. 5.- Imprimir documentos. 6.- Empregar programas gráficos sinxelos.	1.- Acceder a diversos CD-ROM sen axuda do profesor. 2.- Empregar un navegador de Internet sen axuda do mestre. 3.- Imprimir de xeito selectivo. 4.- Empregar bases de datos sinxelas feitas co computador. 5.- Consultar bases de datos en Internet. 6.- Crear e editar un documento, por exemplo: un informe, un artigo de prensa ou unha carta, empregando programas de edición de textos cada vez máis complexos. 7.- Elaborar unha presentación multimedia sinxela: por exemplo un PowerPoint ou unha páxina web.	1.- Buscar información en diferentes medios. 2.- Empregar o buscador en Internet. 3.- Crear unha lista de "Preferidos" no seu computador. 4.- Facer capturas de texto, gráficos e imaxes en webs visitadas coa opción "copia" e "pega". 5.- Construír táboas sinxelas. 6.- Crear bases de datos sinxelas e introducir datos. 7.- Identificar a estrutura dunha base de datos. 8.- Crear e editar un documento, por exemplo: unha postal, un calendario, ou unha revista escolar. 9.- Elaborar unha sesión de diapositivas, unha presentación ou unha web, insertando arquivos sonoros. 10.- Realizar pequenas follas de cálculo como facturas ou albaráns. 11.- Iniciarse no envío e xestión de correo electrónico.

Dimensión	Educación Infantil	Educación primaria		
		Primeiro Ciclo	Segundo Ciclo	Terceiro Ciclo
Ferramenta de comunicación	1.- Facer comparacións simples entre teléfono (linguaxe oral) e o correo escrito (carteiro tradicional).	1.- Establecer unha comunicación sinxela entre dúas persoas, por exemplo: enviarse unha mensaxe.  2.- Relacionar a figura do carteiro tradicional e a súa función no correo web.	1.- Ser conscientes dos diferentes estilos e formas de comunicación.	1.- Xestionar comunicacións electrónicas propias, por exemplo un buzón de correo electrónico.  2.- Realizar actividades simples en grupo, por exemplo: comunicacións e colaboración a través de correo electrónico.  3.- Aprender a usar a función de axuntar ficheiros ao correo electrónico.  4.- Ser capaces de empregar apropiadamente os "Emoticons".  5.- Empregar as Blog como forma de intercambio de informacións.

Dimensión	Educación Infantil	Educación primaria		
		Primeiro Ciclo	Segundo Ciclo	Terceiro Ciclo
Control e modelización	1.- Seguir instrucións.	1.- Empregar xogos sinxelos de simulación ou de aventura.  2.- Empregar o ordenador de forma segura e responsable.	1.- Empregar simulación ou aventuras máis complexas.  2.- Controlar un elemento que aparece na pantalla, a través de ordes básicas.	1.- Planificar unha secuencia de ordes para ser executadas por un dispositivo.  2.- Ser consciente de que o computador pode recoller información sobre o medio ambiente: T°, Luz, Son, etc.  3.- Ser conscientes de que o ordenador pode ser utilizado para simular situacións reais e comprender que se usan computadores para estes traballos, por exemplo: situacións de perigo ou risco.

## 5.- Metodoloxía

A nosa proposta metodolóxica basease nun descubrimento guiado, con actividades motivadoras que esperten o interese e a atención continuada nos alumnos. A informática é pois un recurso que fai do traballo unha aprendizaxe lúdica, motivadora e interesante.

Esta condición da informática fai que sexa algo máis que un recurso normal, isto engadido ao feito de que na sociedade actual é unha das columnas básicas. Así, a nosa escola converte a informática non só nun recurso educativo, senón tamén nunha competencia básica e indispensable.

Debemos ter en conta a metodoloxía individual da aula e das áreas correspondentes a cada ciclo, nivel ou especialidade, xa que todo o claustro está involucrado no proxecto. Así cada mestre decide aplicar o método axeitado en cada actividade. Debemos ter en conta unhas condicións mínimas de utilización da mesma, así debemos ter unhas pautas mínimas:

- O uso da aula de informática require a supervisión do profesorado con coñecementos dos programas que se empregan.
- O emprego por parte do alumnado dos computadores será exclusivamente para programas indicados polo profesorado.
- Os usuarios gardarán os seus traballos nos seus cartafoles persoais do directorio de traballo.
- Aos cartafoles dos alumnos se accederá desde a páxina do sitio WEB (intranet) chamada "TRABALLOS DOS ALUMNOS"
- As actividades estarán relacionadas con materias curriculares concretas tanto de xeito individual como globalizadas, sempre a partir dunha finalidade concreta para acadar os obxectivos marcados.
- A secuenciación das actividades do Clic, de recursos didácticos das distintas editoriais, o feitos dende o departamento das TICS o estar clasificados por ciclos e áreas, fan que cada mestre e os seus alumnos teñan un amplo abanico de recursos educativos.
- Empregaremos software educativo do centro, testado previamente para certificar o seu grao pedagóxico.
- Todos os recursos educativos estarán dispoñibles nun WEB (na intranet do centro) que reside nun directorio do servidor de traballo, de xeito que este dispoñible dende calquera computador do Centro.
- O Servidor é un computador non dispoñible para uso físico dos escolares, so poderán acceder a el a través da WEB da intranet.
- Comunicaranse as incidencias ao coordinador de Informática, para manter sempre a aula ao 100% de funcionalidade.
- É indispensable concienciar aos alumnos da necesidade de coidar o material común de todos para que estea á súa disposición e á dos demais, a partir das normas da aula.

 <b>XUNTA DE GALICIA</b>	<b>COLEXIO DE EDUCACIÓN PRIMARIA CAMPOLONGO</b>	 <small>Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura</small>	<small>Membro de</small>  <small>Escolas Asociadas da UNESCO</small>
	Rúa Xeneral Rubín nº 3 36001 PONTEVEDRA <a href="http://centros.edu.xunta.es/ceipcampolongo/">http://centros.edu.xunta.es/ceipcampolongo/</a> E-mail: <a href="mailto:ceip.campolongo@edu.xunta.es">ceip.campolongo@edu.xunta.es</a> Teléfono: 886 15 15 13 Fax: 886 15 15 18		

- Os alumnos nunca estarán solos no aula.
- Empregar os recursos informáticos para atender ás necesidades educativas dos alumnos.

### Aspectos metodolóxicos a ter en conta:

- Empregarase unha metodoloxía baseada na experimentación, busca e investigación do alumnado.
- Adaptaranse as actividades as necesidades individuais de cada alumno.
- Farase un tratamento interdisciplinar dos temas cunha variada gama de recursos que complementen a información, tanto a proposta polo mestre como a buscada polo alumnado.
- Espertar e estimular o interese e a importancia da informática no alumnado.

## 6.- Obxectivos Mínimos

Serán os que marquen os criterios básicos e os mínimos para unha avaliación, e así analizar as capacidades acadadas:

1. Recoñecer os compoñentes dun equipo, as súas partes, os seus periféricos e as súas funcións.
2. Instalación e desinstalación de software.
3. Manexo das xanelas en Windows, utilización do Explorador, manexo de arquivos.
4. Uso de Paint, Calculadora e Panel de Control.
5. Manexo do Word: manexo de documentos: cortar, copiar, pegar, inserir táboas, impresión de documentos.
6. Manexo de Excel,: creación de follas, operacións con celas, filas e columnas.
7. Manexo de PowerPoint: Realización dunha presentación, inserir elementos e dar formato a unha presentación.
8. Manexo de programas de tratamento de imaxes, retoque de imaxes e aplicación de efectos.
9. Recoñecemento e reprodución de arquivos multimedia.

10. Manexo do Explorer: Busca de información ( portais e buscadores, google, wikipedia-galipedia), descarga de información.

11. Uso do correo electrónico; conta de correo, usuario, envío de mensaxes, etc.

12. Manexo de editores de Webs, deseño dunha páxina web sinxela, e colocación na rede.

13. Realización de actividades educativas secuenciadas segundo dificultade, ciclos, niveis e áreas.

## **7.- Avaliación**

- A Observación directa, rexistro e táboas de dobre entrada á información das sesións na aula.
- O grao de traballo en grupo en canto a axuda mutua, participación, proposta de ideas e disposición positiva cara á aprendizaxe.
- O traballo individual de cada escolar gardado nas carpetas persoais, por niveis e ciclos. Recollendo todos os cursos o traballo de cada alumno. Deste xeito ao rematar a primaria cada alumno poderá levará o seu traballo.
- Autoavaliación (recoñecer os erros como método de autoaprendizaxe) e coavaliación (esta entendida de xeito construtivo).
- Avaliación par áreas sendo unha competencia empregada en todas as áreas, serán nestas onde se faga unha valoración.



 <b>XUNTA DE GALICIA</b>	<b>COLEXIO DE EDUCACIÓN PRIMARIA CAMPOLONGO</b>	 <small>Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura</small>	<small>Membro de</small>  <small>Associaçón de Escolas da XUNTA DE GALICIA</small>
	Rúa Xeneral Rubín nº 3 36001 PONTEVEDRA <a href="http://centros.edu.xunta.es/ceipcampolongo/">http://centros.edu.xunta.es/ceipcampolongo/</a> E-mail: <a href="mailto:ceip.campolongo@edu.xunta.es">ceip.campolongo@edu.xunta.es</a> Teléfono: 886 15 15 13 Fax: 886 15 15 18		

## 8.- Atención as Necesidades Educativas Especiais. Reforzo e Ampliación.

Segundo o tipo de actividades propostas deseñaranse actividades de reforzo para acadar os obxectivos marcados. Se as actividades son con entorno Office aplicaranse os criterios de presentación e valoración ortográfica e información realizada, decidindo o mestre a actividade a realizar para acadar o obxectivo non acadado.

